

Empresas de tempo libre

✿ NA COSTA DA MORTE

46*



Empresas de tempo libre

ANEXO COSTA DA MORTE

G U Í A D E A C T I V I D A D E E M P R E S A R I A L



EDITOR	Centro Europeo de Empresas e Innovación de Galicia S.A. (BIC GALICIA S.A.)
AUTORES	OBZ Management Consulting Juan Carlos Santabaya Lourán Osvaldo Santos Lobelos
DIRECCIÓN, COORDINACIÓN E SUPERVISIÓN TÉCNICA	Centro Europeo de Empresas e Innovación de Galicia S.A. (BIC GALICIA S.A.)
DISEÑO E MAQUETACIÓN	Producciones KHARTUM
DERECHOS RESERVADOS © 2004 DESTA EDICIÓN	Centro Europeo de Empresas e Innovación de Galicia S.A. (BIC GALICIA S.A.) Edificio IGAPE, 3ª planta Complejo Administrativo San Lázaro s/n 15703 Santiago de Compostela

Quedan rigurosamente prohibidas, sen a autorización escrita dos titulares do "Copyright", baixo as sancións establecidas nas Leis, a reprodución total ou parcial desta obra por calquera medio ou procedemento, incluídas a reprografía e o tratamento informático e a distribución de exemplares da mesma mediante alugamento ou préstamo públicos.

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN	7
1.1 Como utilizar este anexo	7

PUNTOS ADAPTADOS DA GUÍA DE EMPRESAS DE TEMPO LIBRE

2. DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE E PERFIL DA EMPRESA-TIPO	11
---	-----------

3. PRINCIPAIS CONCLUSIÓNS	15
----------------------------------	-----------

5. ANÁLISE DO MERCADO

5.1 Referencias estatísticas xenéricas	19
5.1.1 Análise da oferta	19
5.1.1.3 Volume de emprego xerado	20
5.2 Marketing	
5.2.2 Prezo	21
5.3 Análise económico-financeira	
5.3.1 Investimentos	22
5.3.2 Gastos	23
5.3.3 Previsión de ingresos	24
5.3.4 Estructura da conta de resultados	26
5.3.5 Financiamento	26

6. VARIOS

6.1 Réximes fiscais preferentes	29
--	-----------

ANEXO: Factores que influen no tamaño do mercado	33
---	-----------

AUTORES	35
----------------	-----------

1. Introducción





1.

Introducción

1.1 Como utilizar este anexo

O seguinte anexo é o resultado do traballo realizado polos técnicos locais de emprego dos Concellos do ámbito denominado Costa da Morte que forman parte da Rede de Técnicos de Emprego coordinada pola Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais a través da Dirección Xeral de Promoción do Emprego, así como dos técnicos dos Grupos de Acción Local que na actualidade están a desenvolver as iniciativas comunitarias: AGADER (Fundación Comarcal de Bergantiños), PRODER II (Fundación Comarcales de Muros y Noia) e LEADER+ (Asociación Neria), cós obxecto de adaptar a información contida na **Guía de Empresas de tempo libre** á realidade socioeconómica da área da Costa da Morte (ó abeiro do protocolo de colaboración entre o Igape e a Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais de data 12 de setembro de 2003).

Neste anexo adaptase a información da guía naqueles puntos onde se observaron diferencias entre a realidade galega e a Costa da Morte para a actividade analizada. Desta forma, complementase a guía ofrecéndote unha información máis próxima o teu entorno social e empresarial.

No índice deste anexo poderás comprobar os puntos da guía de actividade adaptados a túa realidade económica e social, ademais, inclúíronse unha serie de táboas e cadros con información da Costa da Morte.

Para poder traballar de forma correcta con este anexo, deberás te-la Guía de Empresas de tempo libre e ir comprobando a través do índice deste anexo os puntos modificados para que a información que se ofrece estea adaptada o teu entorno empresarial e social. Para dispor desta guía podes acceder a web: <http://guias.bicgalicia.es>.



2. Descrición da actividade e perfil da empresa-tipo





2.

Descrición da actividade e perfil da empresa-tipo (Pax. 13)

No caso concreto da Costa da Morte non parece viable unha empresa de tempo libre que pretenda operar a totalidade do ano. Dado que a maioría das actividades analizadas que presentan unha boa rendibilidade teñen un carácter estacional.

Neste sentido, unha empresa cunha operativa anual atópase con problemas de tesourería nos meses fora de temporada.

As actividades non estacionais analizadas, (talleres de manualidades, aerobio, etc...) non garanten por si soas a viabilidades da empresa e incorporan custos bastante elevados no que respecta ás instalacións necesarias (aluguer de locais en varios concellos, elementos de transporte, inversións en inmovilizado e requirimentos de instalacións de almacenaxe máis amplos), o tempo invertido na coordinación das mesmas e os custos indirectos adicionais (alugueres, luz, teléfono, etc..) que incrementan notablemente o risco do negocio nunha análise de sensibilidade do mesmo.

Debido a isto a empresa proposta opera tan so nos meses de xuño a outubro.

Dada a dependencia que este tipo de empresas teñen do desenvolvemento de outras actividades que discorren paralelamente como poden ser o turismo rural, o turismo activo, as actividades náuticas e o turismo cultural, todos eles en fase de desenvolvemento nesta zona, non parece axeitado supoñer que a día de hoxe unha empresa de tempo libre pura sexa viable na Costa da morte dado o escaso desenvolvemento do marco de actividades antes sinalado.

Por este motivo optouse por unha empresa híbrida que combina en certa medida actividades de tempo libre, de turismo cultural, activo e náutico.

O carácter híbrido deste tipo de empresa obriga a ter especial coidado coa normativa aplicable a mesma dado que abarca actividades moi diversas.

A normativa reguladora das empresas de tempo libre recollese no decreto 50/2000, do 20 de xaneiro publicado no DOG. Nº 49 do 10 de marzo de 2000.

Dependendo das actividades ofertadas tamén podería ser de aplicación a este tipo de empresas a normativa de axencias de viaxes recollida no decreto 42/2001 de 1 de febreiro publicado no DOG do 20 de febreiro de 2001.

Neste último caso a inversión necesaria incrementábase notablemente dado que as Axencias de Viaxes deben constituírse como Sociedade Anónima (capital mínimo 60.000 euros) e levar a cabo diversos avais para a cobertura dos riscos inherentes á súa actividade.



11

3. Principais conclusións





Principais conclusións (Pax. 19)

- Na Costa da Morte non existe na actualidade ningunha empresa de tempo libre. Existen tres empresas que ofertan servicios similares e que poden considerarse competidoras. Ditas empresas teñen tamén un carácter híbrido pola variedade das actividades ofertadas (náuticas, culturais, turismo activo, tempo libre, etc..) o que fai difícil a súa catalogación. Trátase de empresas moi recentes polo que non existe información sobre o resultado da súa actividade.
- As perspectivas de futuro deste tipo de empresas están condicionadas o desenvolvemento dun marco de actividades que avanza paralelamente. Na medida en que se consolide a actividade turística nesta zona irá consolidándose unha oferta de actividades náuticas, deportivas, de turismo cultural e activo que garantirán a viabilidade de empresas de tempo libre puras.
- A terceira idade non parece ser un segmento de mercado no que este tipo de empresas se poida concentrar dada a dependencia do tipo de empresa deseñado do turismo da zona que, tipicamente se encadra en tramos de idade moito menores.
- O sector público da Costa da Morte non pode considerarse como unha fonte de ingresos importante dado que o número de actividades demandadas na actualidade é moi baixo e está cuberto con persoal propio.
- O perfil profesional varía en función da actividade a desenvolver pero resulta moi aconsellable que os promotores posúan a titulación de Director de Actividades de Tempo Libre e de Monitor de Actividades de Tempo Libre.



5. Análise do mercado





5.

Análise do mercado

5.1 Referencias estatísticas xenéricas (Pax. 31)

O modelo empresarial definido non existe nun estado puro na Costa da Morte a día de hoxe. Existen tres empresas híbridas que ofertan unha gama de servizos que as fai dificilmente catalogables (actividades náuticas, culturais, deportivas, etc...).

5.1.1 Análise da oferta (Pax. 32)

Existen tres empresas que ofertan este tipo de servizos na Costa da Morte. Sitúanse nos concellos de Fisterra, Carnota e Cabana, e parte da súa oferta de actividades pode definirse de ocio e tempo libre.



19

5.1.1.3 Volume de emprego xerado (Pax. 35)

No se atoparon datos publicados en canto ó número de empregos que orixina a actividade, xa que se encadra no epígrafe correspondente a *Clubs e escolas deportivas*, polo que, as referencias estatísticas referidas non son representativas ó estar distorsionadas por empresas dedicadas a outro tipo de actividades. Ademais, o elevado grao de voluntariado existente e as numerosas entidades non lucrativas que prestan este tipo de actividades dificulta a cuantificación do número de emprego xerado.

As entrevistas realizadas permitennos manifestar que a actividade conta cun número relativamente elevado de profesionais descontinuos vinculados á empresa en función do tipo de actividade (campamentos: un monitor por cada 10 nenos) e as épocas do ano de maior demanda (períodos non lectivos: principalmente verán).

O habitual é encontrarse con empresas na que traballan dous monitores fixos durante todo o ano, que adoitan ser dous emprendedores ou un emprendedor e un monitor contratado.

Os empregos xerados nas tres empresas existentes teñen un carácter estacional no que se refire ás actividades de tempo libre ofertadas.

Naqueles casos en que os empregos existentes son permanentes o longo de todo o ano atopámonos cunha actividade empresarial adicional (por exemplo unha tenda de artesanía na empresa ubicada en Fisterra) que estende a rendibilidade do negocio a aqueles meses nos que as actividades de tempo libre son moi puntuais.



5.2 Marketing

5.2.2 Prezo (Pax. 46)

Non é posible dar unha estimación fiable da marxe media deste tipo de empresas na Costa da Morte porque a inexistencia das mesmas ata fai moi pouco tradúcese na ausencia de información estatística sobre a rendibilidade destas empresas.

As empresas existentes aínda se atopan nun proceso de adaptación o mercado polo que non poden proporcionar información fiable destes indicadores.



5.3 Análise económica-financeira

5.3.1 Investimentos (Pax. 50)

Desenvolveuse un suposto de empresa que oferta catro actividades distintas o longo dos meses de xuño a outubro.

Cadro 3: Investimentos de arrinque estimados para unha empresa de tempo libre. (IVE non incluído).

Concepto	Importe
Gastos de constitución	300 €
Acondicionamento de locais	4.000 €
Mobiliario	3.000 €
Maquinaria	22.878 €
Equipo informático	1.200 €
Outro inmovilizado	400 €
TOTAL	31.778 €

Fonte: Elaboración propia.



O presuposto estimado incorpora xa os custos de adquisición da maquinaria necesaria para o desenvolvemento das diferentes actividades. A actividade require un pequeno local para almacenaxe e oficinas que se supón alugado.

5.3.2 Gastos (Pax. 51)

A continuación sinálanse os principais gastos para unha empresa de tempo libre:

- Soldos e salarios do persoal e Seguridade Social.
- Arrendamento do local (oficinas e almacén) onde se ubica a actividade.
- Suministros varios (agua, electricidade, comunicacións. Etc..)
- Seguros
- Servicios exteriores.

Neste caso, dado que supoñemos que a empresa está constituída por dous socios con titulación de monitor de tempo libre, unha parte importante dos custos salariais é asumida por estes. Os custos de monitores para as diversas actividades estímense en 6.289 euros. Suponse que o aluguer de equipos náuticos é xestionado polos titulares, así como a función de director de actividades de tempo libre.

Os custos variables ascenden aproximadamente a 18.444 euros para o período considerado. No suposto establecido, a empresa leva a cabo as seguintes actividades:

- Campamentos de verán: Teñen unha duración de 7 días cada un, coa participación de 25 nenos por campamento.
- Talleres de xogos o aire libre: Talleres de fin de semana onde se organizan actividades lúdicas para grupos. En cada taller participan 25 persoas.
- Excursións guiadas: Excursións de media xornada para amosar os puntos de maior interés da zona. Os custos calcúlanse para un recorrido aproximado de 100 Km.
- Aluguer de equipamento náutico: Aluguer de equipos en praia (pedaletas, tablas, etc.).



5.3.3 Previsión de ingresos (Pax. 54)

Para levar a cabo unha previsión dos ingresos previstos para a empresa utilizada como exemplo, desglosamos a continuación a previsión de ingresos por actividades prevista.

A empresa ofertará un total de catro actividades diferenciadas (campamentos de verán, talleres de xogos o aire libre, excursións guiadas e aluguer de equipo náutico) co seguinte desglose:

CAMPAMENTOS VERÁN

Concepto	
Nº USUARIOS	25
Monitores	2
nº CAMPAMENTOS	4
DURACION	7 días
PRECIO	22 €
INGRESOS PREVISTOS	4.466 €

TALLERES DE XOGOS O AIRE LIBRE

Concepto	
Nº USUARIOS	25
Monitores	2
Duración (Días)	2
Nº TALLERES	8
INGRESOS PREVISTOS	2.412 €

EXCURSIÓN GAIADAS

Concepto	
Nº USUARIOS	20
Monitores	1
Duración (Días)	1
Nº Excursións	20
INGRESOS PREVISTOS	3.712 €



ALUGUER EQUIPO NAUTICO

Concepto	
Nº USUARIOS	70
Duración (Horas)	1
Nº unidades disponibles	12
INGRESOS PREVISTOS	7.929 €

CUSTOS FIXOS ANUAIS ESTIMATIVOS

CONCEPTO	IMPORTE
Servicios exteriores	6.609,00 €
Alugamentos	1.800,00 €
Reparacións e mantemento	1.000,00 €
Servicios de profesionais independentes	240,00 €
Publicidade, promoción e relacións públicas	1.600,00 €
Dietas e gastos de viaxes	600,00 €
Seguros	1.000,00 €
Servicios bancarios e similares	200,00 €
Material de oficina	60,00 €
Luz	300,00 €
Teléfono e comunicacións	600,00 €
SS Titular empresa	889,00 €
Outros subministros	120,00 €
Tributos	300,00 €
Taxas municipais (I.A.E., lixo, etc.)	300,00 €
Gastos financeiros	1.250,00 €
Xuros de débedas	625,00 €
Outros g. financeiros (avais, com. bancarias, ...)	625,00 €
Amortizacións	3.107,80 €
Custos de estrutura totais €	11.266,80 €



5.3.4 Estructura da conta de resultados (Pax. 55)

CONCEPTO	IMPORTE
+ Ingresos	61.012,00 €
= INGRESOS DE EXPLOTACIÓN	61.012,00 €
- Compras e outros custos venta	40.984,00 €
- Gastos explotación	8.709,00 €
- Amortizacións	3.107,80 €
= RESULTADO DE EXPLOTACIÓN	8.211,20 €
- Gastos financeiros	1.250,00 €
= Resultado financeiro	-1.250,00 €
- Outros gastos	0,00 €
= RESULTADO ANTES IMPOSTOS	6.961,20 €
- Impostos	0,00 €
RESULTADO DO EXERCICIO	6.961,20 €
CASH - FLOW	10.069,00 €



5.3.5 Financiamento (Pax. 57)

As principais fontes de financiamento coas que contan as empresas dedicadas ás actividades de tempo libre estrutúranse do seguinte modo:

FONDOS PROPIOS	24.000 €
PRÉSTAMOS	25.000 €
TOTAL	49.000 €

6. Varios





6.

Varios

6.1 Réximes fiscais preferentes (Pax. 65)

Recomendase a constitución da empresa mediante a modalidade xurídica de sociedade civil debido a súa facilidade de constitución e disolución, aspecto a ter en conta dado o carácter estacional da empresa proposta.

Si se busca unha maior limitación das responsabilidades asumidas optaríase por unha Sociedade Limitada.



29

Anexo





Factores que inflúen no tamaño de mercado

FACTORES	IMPOR- TANCIA (1,2 ou 3)	FONTES DE INFORMACIÓN	USO
Factores non controlables pola empresa			
ECONÓMICO			
Nivel de renda	2	Anuario Caixa, IGE, INE.	Define o nivel de interés no produto. Dado que o consumidor destina a súa renda dispoñible a cubrir en primeiro lugar necesidades básicas e secundariamente a ocio e actividades similares, unha redución do nivel de renda afecta directamente á demanda de actividades de ocio. Con todo dado o escaso custo dalgunha das actividades ofertadas, non se lle otorgou unha puntuación máxima.
FACTORES SOCIOCULTURAIS			
Grado de valoración das actividades de natureza	3	Enquisa de preferencias familiares.	Define o nivel de interés no produto.
EDUCATIVOS			
Nº de monitores con formación na área	1	Rexistros oficiais, observación.	Dado que a formación requirida non é moi específica, e o número de monitores existente resulta suficiente o incremento da oferta de monitores non debería influir na relación de custos da actividade.
Plans de promoción deste tipo de actividades	2	Lexislación e Administración Pública.	A difusión por parte das entidades públicas deste tipo de actividades asociadas a hábitos de vida máis saudables incide directamente na demanda das mesmas.
Normativa reguladora	3	Lexislación.	Pode establecer forte limitacións as actividades a desenvolver así como custos adicionais.
DEMOGRÁFICOS			
Poboación	3	Padrón.	Define o tamaño de mercado
Pirámide de poboación	3	Padrón.	Define o tamaño de mercado na medida en que tan só certos tramos de poboación demandan este tipo de actividades.
COMPETIDORES			
Nº de empresas	3	IAE, observación, rexistros oficiais.	Define o reparto do mercado. Actualmente o mercado é suficientemente amplo como para aloxar novas empresas sin forzar un reparto do mesmo, pero a medida que o número de empresas que operen no mesmo aumenten chegarase a unha situación de competencia directa polos usuarios destas actividades.
Tamaño das empresas	3	Ardan, observación, rexistros oficiais.	Define o reparto do mercado.
Experiencia na área	3	Observación.	
Productos ofertados	2	Observación.	
Prezo competidores	3	Observación.	
Oferta Administración pública	2	Observación, webs oficiais.	Define o reparto do mercado
Oferta entidades sen ánimo de lucro	2	Observación.	Define o reparto do mercado
CLIENTES			
Nº de alumnos de colexios, membros asociacións, etc.	3	IGE, INE, rexistros oficiais.	
Turistas	2	TurGalicia.	
Motivación	2		
Satisfacción	2		



FACTORES	IMPOR- TANCIA (1,2 ou 3)	FONTES DE INFORMACIÓN	USO
Factores controlables pola empresa			
Oferta de productos	2	Entrevista a alumnos, observación.	
Prezos	2	Entrevista a alumnos, observación.	
Calidade do servicio	3	Entrevista a alumnos, observación.	





Autores

Autor da información orixinal: OBZ Management Consulting.

Autores da adaptación:

Juan Carlos Santabaya Lourán. *Concello de Cee. Técnico Local de Emprego.*

Osvaldo Santos Lobelos. *Concello de Fisterra. Técnico Local de Emprego.*

A participación dos Técnicos Locais de Emprego (TLEs) neste proxecto forma parte das actuacións previstas no protocolo de colaboración entre o Igape e a Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais de data 12 de setembro de 2003.



